

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

*EXTRACTO da Orde do 21 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca fluvial para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MT808A).*

BDNS (Identif.): 495114.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Persoas xurídicas que teñan o nomeamento de entidade colaboradora de pesca fluvial, de conformidade co disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e no Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997). Este nomeamento deberá estar en vigor tanto no momento de presentar a solicitude de axuda como no momento do pagamento desta.

Segundo. *Obxecto*

Axudas para actividades e investimentos de fomento da riqueza piscícola.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 2 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca fluvial para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MT808A).

Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 125.000,00 €.



Fíxase un importe máximo de 8.640 € de axuda para a subliña de vixilancia de tramos de pesca fluvial e de 1.500 € para a subliña de actividades divulgativas ou formativas, por entidade colaboradora.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de marzo de 2020.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

